

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

<b>DATOS DO INTERESADO</b>			
<b>Nome e Apelidos/Razón Social</b>		<b>NIF/CIF</b>	
<b>DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS</b>			
<b>Medio de Notificación</b>			
<input type="checkbox"/> Notificación electrónica			
<input type="checkbox"/> Notificación postal			
<b>Dirección</b>			
<b>Código Postal</b>	<b>Municipio</b>		<b>Provincia</b>
<b>Teléfono</b>	<b>Móbil</b>	<b>Fax</b>	<b>Correo electrónico</b>

**OBXECTO DA DECLARACIÓN**

Que coñecendo a convocatoria efectuada polo Concello de Mondariz Balneario publicada no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm. \_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_, para cubrir o posto de Xuíz de paz substituto, de acordo co sinalado no Capítulo VIN do Título IV da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Título III do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de paz.

Que reúno todas as condicións establecidas na normativa vixente para poder acceder ao cargo convocado e en particular:

- Posuír a nacionalidade española.
- Ser maior de idade.
- Estar en pleno exercicio dos meus dereitos civís.
- Ser residente nesta localidade, sede do Xulgado de Paz, salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza. (Artigo 15 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de paz).
- Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade previstas na Lei Orgánica do Poder Xudicial. (Artigo 389).
- Non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- Non estar condenado por delito doloso.
- Non estar procesado ou inculpado por delito doloso.

Que de acordo coa natureza desta Declaración e co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, comprométome a pór a disposición da Administración a documentación que acredita o cumprimento dos requisitos cando por esta me sexa requirida.



## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

Por todo o exposto **DECLARO** baixo a miña responsabilidade que cumpro todos os requisitos exigibles para acceder ao cargo de Xuíz de paz e que me comprometo a manter o seu cumprimento durante o período de tempo necesario.

**Nome do dato ou documentación:**

### Consentimento e deber de informar aos interesados sobre protección de datos

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

<b>Responsable</b>	Concello de Mondariz Balneario
<b>Finalidade Principal</b>	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
<b>Lexitimación</b>	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello.
<b>Destinatarios</b>	Os datos cederanse a outras administracións públicas (Administración de xustiza)
<b>Dereitos</b>	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
<b>Información Adicional</b>	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url <a href="http://www.mondarizbalneario.es">www.mondarizbalneario.es</a>

### DATA E FIRMA

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Firma,

Asdo.: \_\_\_\_\_

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO.